



CONTRATO

No Pazo da Excmá. Deputación Provincial de Lugo, a 8 de novembro de 2017, actuando como fedatario, D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, Secretario da Excmá. Deputación Provincial de Lugo, en virtude do establecido na lexislación de Réxime Local.

-----COMPARECEN-----

Dunha parte, D. Darío Campos Conde, facultado para a formalización do presente contrato, en virtude do seu cargo e por tanto en nome e representación da Excmá. Deputación Provincial de Lugo.

Doutra banda, D. Rogelio Grille Barbeira, maior de idade, con DNI N°33258754-H, intervéñ con poder bastante en representación da mercantil RECRÍA CASTRO S.L.U., con CIF N°B27487065, constituída en escritura autorizada polo Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, o día 01 de febreiro de 2017, número 84 de protocolo. A sociedade figura inscrita no Rexistro Mercantil de Lugo, ao folio 96, do Tomo 496, Folla LU-18.752.

Os comparecentes teñen ao meu xuízo capacidade legal para subscribir o presente contrato administrativo con base nos seguintes:

-----ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS-----

I.- Incoado expediente administrativo EXP0028GSP16-ABO, co obxecto de proceder á contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, coas características especificadas no anteproxecto de explotación, o Regulamento de Organización e Funcionamento do centro e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados por Acordo do Pleno da corporación, en sesión de 29-11-2016, foron emitidos os preceptivos informes pola Intervención Provincial e pola Secretaría Xeral.

II.- O contrato regulado polo prego é un contrato administrativo, tanto polo ámbito do suxeito contratante como polo ámbito obxectivo, a tenor do disposto polos artigos 3.1.a e 19, do TRLCSP, e dentro dos contratos do sector público o especificamente cualificado como contrato de xestión de servizo público, , a tenor do establecido polo artigo 8 do TRLCSP que establece que o contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración Pública ou unha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social, encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación fora asumida como propia da súa competencia pola Administración ou Mutua encomendante.





Son de aplicación as disposicións do TRLCSP, posto que a xestión do servizo público non se efectuará mediante a creación de entidades de dereito público destinadas a tal fin, nin se atribuirá a unha sociedade de dereito privado de titularidade pública.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de concesión, tal e como establece o artigo 5 da Directiva 2014/23/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adxudicación de contratos de concesión (en diante directiva 2014/23/UE), que define a concesión de servizos como «un contrato a título oneroso celebrado por escrito, en virtude do cal un ou máis poderes ou entidades adxudicadores confían a prestación e a xestión de servizos distintos da execución das obras contempladas na letra a) a un ou máis operadores económicos, cuxa contrapartida é ben o dereito para explotar os servizos obxecto do contrato unicamente, ou este mesmo dereito en conxunción cun pago»

III.- O contrato adxudicouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto, regulado polos artigos 157 a 161 do TRLCSP, e de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 139 do TRLCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 138 do TRLCSP. O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 5 da Directiva 23/2014 en relación co artigo 8 da mesma ao superar a contratación os límites fixados para a súa aplicación consonte aos parámetros nel establecidos para cuantificar o valor estimado deste contrato.

IV.- Para responder do cumprimento deste contrato foi constituída a favor desta Deputación unha fianza definitiva, segundo se recolle no Informe da Intervención Xeral de data 24 de maio de 2017.

Sobre a base dos precedentes expositivos e convindo ambas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato formalízano no presente documento, con arranxo ás seguintes:

-----CLÁUSULAS-----

PRIMEIRA.- O obxecto do contrato é a xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”

O adxudicatario comprométese á execución do contrato con estrita suxeición ao anteproxecto de explotación, o Regulamento de Organización e Funcionamento do centro e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados por Acordo do Pleno da corporación, en sesión de 29-11-2016.

SEGUNDA.- Son condicións esenciais de execución as recollidas no artigo 228 bis do TRLCSP sobre subcontratación; a estes efectos deberán remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagos aos subcontratistas e



subministradores que participen no contrato dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, e no que lle sexa de aplicación. A subcontratación haberá de axustarse ao establecido no artigo 289 do TRLCSP (Cláusula 22.3.1 do PCAP)

TERCEIRA.- Son condicións especiais de execución cualificadas como obrigacións contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, en relación co artigo 223.f, ambos os do TRLCSP, as recollidas na cláusula 22.3.2 do PCAP, isto é:

- a. **Dotar ao Centro, en función do nivel de ocupación, do mobiliario, maquinaria e aveños que resulte da memoria presentada (proxecto de explotación) con ocasión da licitación,** sendo esta unha obrigación contractual esencial, que poderá cumprir por medios propios ou mediante a subcontratación prevista na cláusula 17.1 do PCAP. A tales efectos a empresa RECRÍA CASTRO S.L.U., oferta en síntese e resumidamente, o seguinte:

- Medios materiais necesarios para a área de elaboración do leite:
 - 2 tanques de leite de aceiro inoxidable de 500 l, con homoxeneizadores e incorporar un fluxómetro que mida caudal e unha billa termostática para medir a temperatura da auga.
 - 4 termos eléctricos de 500l.
 - Varios distribuidores de leite, carro con bandexa metálica volteable para a distribución e transporte dos biberóns.
 - Mesa de aceiro inoxidable de 3 metros cadrados, unha báscula electrónica de precisión para pesar o leite en po, varios andeis metálicos e unha neveira.
 - 400 biberóns de 3 litros con asa e tetina.

- Área de recepción dos animais:
 - Báscula dixital con manga para o pesado de animais de menos de 250 kg, carreta porta-becerras con rodas para facilitar o movemento dos animais.
 - Ordenador para o procesado da información recollida.
 - Material diverso para os animais como termómetros, crotaladoras, crotais, cintas, etc. - 200 casetas individuais de fibra para albergar aos animais na zona de corentena.

- Maquinaria:
 - Carro mesturador autopropulsado de 16 m³ de segunda man, 1º ano.





- Telescópica de máis de 7,5 m.
 - Encamadora de palla.
 - Camioneta destinada á recollida dos animais pequenos nas explotacións.
 - Remolque para o transporte das xatas.
 - 2 máquinas a presión de alta potencia para o lavado de instalacións.
 - Casetas individuais para estar baixo teito, etc.
 - Carro mesturador autopulsado de 20 m³. 2º ano.
 - Telescópica.
 - Encamadora de serrín con sistema de limpeza automático das colchonetas.
 - Arrimador de comida autónomo para as 13 naves.
- Outras inversións:
- 2 analizadores de rede eléctrica.
 - Báscula para camiións de 50 tm.
 - Báscula dixital con manga para o pesado de animais de menos de 2.000 kg.
 - Muxidora portátil nas naves de xestación.
 - 10 bañeiras podais para a correcta realización dos tratamentos.

A relación que precede é enunciativa e resume a oferta que se incorpora ao expediente, sen alterar os seus termos vinculantes.

- b. **Inserción de colectivos desfavorecidos que se comprometeu a realizar o adxudicatario na súa oferta.** A porcentaxe computarase con relación ao número de persoas traballadoras necesarias para a execución do contrato. Non consta.
- c. **Adscripción de persoal:** persoal que se tivese comprometido a adscribir a empresa adxudicataria á execución do contrato, respectando os mínimos previstos na cláusula 14.3 e as melloras ofertadas neste apartado, de acordo coa cláusula 30.2. , a saber:

c.1) O primeiro ano de duración do contrato, adscribirá ao seguinte persoal:

- Responsable técnico do Centro e interlocutor coa Deputación Provincial: D. Rogelio Grille Barbeira
- Responsables de Control de Calidade
 - D^a Noelia Mourazos García





- D. Martín López López
 - Responsable da Administración, servizos informáticos e comunicación: D. Zoilo Formoso Cancela
 - Responsable de coordinación entre Seragro S. Coop. Galega e Recría Castro S.L.: D.ª Noelia García Santoalla.

As persoas identificadas nominalmente poderán ser substituídas, previa notificación á Deputación, por outras co mesmo perfil profesional.

c.2) O segundo ano adscribirá á execución do contrato 1 Xerente e

A) 6 traballadores a xornada completa

B) 2 traballadores a media xornada

c.3) O terceiro ano e sucesivos adscribirá á execución do contrato 9 traballadores a xornada completa e un Xerente.

d. **Participación de gandeiros no proxecto e condicións de economía social**

Debe cumprirse, coa condición de mínimos, e respetando o resto de condicións ofertadas, coa súa natureza de vinculantes, que 42 gandeiros recríen no Centro de Recría Gaioso Castro, ao menos o 25 % das xovencas nadas nas súas explotacións, debendo estar adheridos a unha organización de economía social 28 desos 42 gandeiros.

CUARTA.- O contrato terá unha duración de 15 anos, prorrogables en dous períodos dun máximo de cinco anos, sen que a duración total exceda de 25 anos; nas condicións e termos previstos no prego de condicións.

Elementos de xuízo e ponderación para acordar, no seu caso, cada un dos períodos de prórroga:

- a) A inexistencia de procedementos de penalidades á empresa concesionaria
- b) Os informes emitidos pola persoa responsable do contrato e a comisión técnica de seguimento, en sentido favorable á prórroga.
- c) A aplicación dos protocolos de calidade e sanitarios, así como o grao de satisfacción dos usuarios, medidos nas enquisas que debe realizar a concesionaria con carácter anual.

O concesionario deberá solicitar de a Excm. Deputación de Lugo a correspondente prórroga, como mínimo con dous meses de antelación ao vencimento do prazo do contrato, debendo a Excm. Deputación de Lugo resolver expresamente no caso de que proceda. A decisión de prorrogar, a demanda da





concesionaria será en todo caso facultativa para a Deputación de Lugo. De non solicitar a prórroga, a Excm. Deputación de Lugo poderá proceder á prórroga de oficio mediante resolución que será comunicada ao concesionario antes do vencimento do prazo inicialmente previsto, sendo esta de obrigado cumprimento para o concesionario, de conformidade co artigo 23.2 do TRLCSP. No caso de producirse prórroga do contrato permanecerán inalterables as características do contrato, durante a duración desta.

QUINTA.- O canon anual ascende a 5.000,00 euros os dous primeiros anos, 20.000,00 euros o terceiro e cuarto ano e 100.000,00 euros o resto (11 anos). O Canon abonarase durante o mes de xaneiro de cada exercicio e actualizarase coa mesma fórmula (ou método) de actualización de prezo do contrato previsto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas.

O primeiro pago do canon no ano 2017 efectuarase no mes seguinte ao comezo da actividade. O importe para este ano será o correspondente á parte proporcional aos meses en que se prestarán os servizos.

O importe do pago do mes de xaneiro do último ano corresponderá aos meses restantes ata a data de finalización do contrato.

SEXTA.- RECRÍA CASTRO S.L.U. comprométese a cobrar aos usuarios do servizo unha tarifa de 2,39 euros por cabeza e día, pola utilización do servizo. A revisión de tarifas régúlase na cláusula vixésima do prego de cláusulas administrativas.

SÉTIMA. – As obrigas xerais da empresa adxudicataria (non calificadas como condicións especiais ou esenciais de execución) recóllense, con carácter xeral - e sen prexuízo do cumprimento da totalidade das prescricións recollidas na documentación contractual – na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas.

OITAVA.- As prerrogativas da administración contratante e as obrigas da mesma, recóllense na cláusula novena e décima do prego de cláusulas administrativas, respectivamente.

NOVENA. – Se do incumprimento contractual por parte do concesionario se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Deputación de Lugo non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do servizo, garantindo a audiencia do concesionario, ata que aquela desapareza, dirixindo e ordenando a administración polos seus propios medios a actividade do Centro. En todo caso, o concesionario deberá abonar á Deputación de Lugo os danos e prexuízos que efectivamente tivese irrogado, de conformidade coa cláusula décimo oitava do prego de cláusulas administrativas.



DÉCIMA.- O servizo reverterá á Deputación de Lugo cando finalice o prazo de duración do contrato, debendo o concesionario, no seu caso, entregar as obras e instalacións a que estea obrigado con arranxo ao prego e nun estado de conservación e funcionamento adecuados, tal que permita ao ente provincial continuar realizando a actividade nas formas e procedementos que determine. A reversión realizarase nos termos previstos na cláusula vixésimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do concesionario, segundo o disposto no artigo 215 do TRLCSP e no artigo 5 da Directiva 2014/23/UE, transferindo o risco operacional da explotación e das obras ao concesionario, nos termos expresados na cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas.

DÉCIMO SEGUNDA. – A cesión do contrato e a subcontratación regúlanse na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

DÉCIMO TERCEIRA. A empresa adxudicataria deste contrato declara non estar afectada por ningunha incompatibilidade ou incapacidade legal e manifesta expresamente a súa conformidade e submisión ao Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rixen para este contrato, asinando un exemplar dos mesmos, que se unen como anexo ao contrato, e sométese para todo canto non esté regulado nos mesmos ao establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro pola que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos en todo o que non se opoña á mencionada Lei e ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réximen local e demais disposicións vixentes en materia de contratación. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derroque, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción.

DÉCIMO CUARTA. – O presente documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público, podendo non obstante elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

DÉCIMO QUINTA. – Ademais de nos supostos de incumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución. As causas xerais e específicas de resolución contractual recóllense na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas.

Lido este contrato polos outorgantes, ao que mostran a súa conformidade, firman en tres exemplares no lugar e data consignados no encabezamento, de todo o cal dou fe para a súa debida constancia





O PRESIDENTE

Asdo.: Darío Campos Conde

O SECRETARIO

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

O ADXUDICATARIO

Asdo.: Rogelio Grille Barbeira





ACTA DE RECEPCIÓN E DE COMPROBACIÓN DO EQUIPAMENTO, EDIFICACIÓNS E BASE TERRITORIAL, ADSCRITOS Á CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO CASTRO”.

1.- REUNIDOS.-

Dn. Miguel Ángel Fernández López, con D.N.I. 33.823.537-J, en calidade de Responsable do Contrato pola Deputación Provincial de Lugo por acordo do Pleno da Deputación en data 31 de outubro de 2017.

Dn. Rogelio Grille Barbeira, con D.N.I. 33.258.754-H en calidade de Representante de Recría Castro S.L.U. con C.I.F. B-27487065.

2.- MANIFESTAN.-

1º. Que en virtude da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro” e de acordo co previsto e detallado no Prego de Prescricións Administrativas Particulares, no Prego de Prescricións Técnicas e no Anteproxecto de Explotación.

2º. Que o Contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro” adxudicouse á empresa Recría Castro S.L.U. en data 27 de xuño de 2017 e atópase pendente de formalizar; está previsto a súa formalización para o día 08 de outubro de 2017.

3º. Que a adxudicataria, Recría Castro S.L.U. recibe neste acto, da Deputación as fincas, edificacións e instalacións coas características e estado a continuación descritas nesta acta e nas debidas condicións de uso, sen defectos construtivos, para adicalas aos fins da concesión.

4º. Que a adxudicataria Recría Castro S.L.U. está conforme ao estado no que se entrega a base territorial, as edificacións e equipamento e en todo caso detalla



aqueles aspectos, parcelas, edificacións ou equipamentos que non considera en bo estado de uso ou con deficiencias, que son as seguintes:

- Debido ao deseño dos cumios da cuberta das 13 naves de recría entra auga no pasillo de alimentación polo que molla o alimento do gando.
- A pista de acceso aos pasillos de alimentación das 13 naves de recría do lateral este a carón dos silos de forraxe ten o piso da plataforma deteriorado.
- A plataforma de riego asfáltico que está no entorno dos silos de forraxe ten o piso deteriorado.
- O talud noreste no entorno dos silos de forraxe presenta un desprendemento de material que obstrúe a cuneta de evacuación de augas pluviais.
- No proxecto de "*Cubierta boxes de novillas en centro de recría y adaptación nave uno*" non está prevista a instalación eléctrica nin a iluminación, imprescindible para traballar debaixo das cubertas dos boxes que se van construír.
- Pode haber deficiencias no funcionamento dos equipamentos, maquinaria e instalacións que actualmente non se pode comprobar porque non se puxeron en marcha; a medida que se vaian poñendo en funcionamento os equipamentos, maquinaria e instalacións que forman parte do Centro de Recría, si se observan defectos no cumprimento dos seus fins serán trasladados ao Responsable do Contrato, emitindo documento que o constate.

5º. Que debido á celeridade da elaboración desta acta, xunto coa complexidade, dimensións, contía e variedade da maquinaria, as instalacións e equipamentos, calquera esquecemento ou omisión que se detecte ou teña coñecemento posteriormente poderá ser incorporado e detallada mediante Anexo á presente Acta antes do inicio da actividade obxecto do contrato e previo acordo do Responsable do Contrato e do Representante da Empresa.



3.- DESCRICIÓN XERAL DAS INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS DO CENTRO DE RECRÍA.-

O complexo de edificacións e instalación está formado por instalacións e construcións xa existentes, outras reformadas e a maioría de recente creación. Das instalacións executadas de novo cabe destacar trece naves de recría que ocupan 25.000 metros cadrados nunha zona de instalacións de 86.000 m², consta de 128,2 hectáreas de extensión superficial total incluíndo as parcelas para o cultivo e unha capacidade máxima para 2.736 xovencas.

Nos planos adxuntos recóllense grafadas as dependencias (instalación e construcións) e superficie da finca adscrita á explotación e funcionamento do Centro de Recría.

A explotación conta con instalacións do gando, unha planta de biogás e parcelas para o cultivo de forraxe.

As instalacións do gando están compostas por:

- Dúas naves xa existentes que foron acondicionadas na súa estrutura para estancia das primeiras 6 semanas, pero que carecen do equipamento interior para o aloxamento dos animais en período de corentena, de enfermería e da instalación para o preparado do lacteo-remprazante e da súa limpeza.
- Plataforma en formigón sen cubrir con 270 boxes individuais e 105 colectivos para a segunda fase da lactancia e que ten adxacentes 5 silos para o concentrado.
- 13 naves de recría con estabulación libre, cubículos con cama de goma e limpeza por arrobadeira. Por estas naves irán pasando os animais destetados segundo avance a súa idade ata a súa saída do Centro. Cada nave ten unha capacidade media para 200 animais. Están dotadas cun total de 2.200 cubículos, 2.200 camas de goma EVA e 2.200 cornadizas automáticas, ademais de 208 bebedeiros e un sistema de limpeza automática de arrobadeira.



- 12 silos para o almacenamento de forraxe situados de modo adxacente ás naves, que contan cunha plataforma en formigón para las tarefas de encher os silos e do seu subministro ao gando.
- 10 silos de concentrados colocados de forma paralela aos de forraxe e con espazo para poñer 6 máis.
- Fosas de xurro conectadas coa planta de biogás.
- Lazareto para os animais enfermos.
- Dous rodiluvios, instalacións de desinfección de vehículos situadas nas entradas do recinto.
- Outras edificacións existentes sen reformar como unha edificación para vivenda e oficinas, un pequeno edificio de oficinas ou para caseta de control de acceso, o edificio principal de oficinas que se compartirá coa Deputación Provincial e será de uso para a concesionaria a planta primeira do mesmo.
- Outras edificacións reformadas como un almacén e taller de maquinaria agrícola, un almacén de herba, un garaxe do parque de maquinaria agrícola, un edificio de control, unha edificación con vestiarios, almacéns, aseo, caldeiras e pequeno local de lecer para os empregados do centro de recría.
- Unha manga para o manexo do gando de 700 m de lonxitude.
- Peche perimetral de toda a área do Centro de Recría.

A planta de biogás ten cunha capacidade de produción de 300 Kw de enerxía eléctrica cun tratamento previsto de 32.000 m³ de puríns, esterco e residuos vexetais e 1.700 megavatios térmicos esta composta por:

- As conducións de recollida de xurros procedentes das instalacións do gando.
- Carro mesturador á entrada dos dixestores que permite incorporar os restos de camas do gando e outros residuos sólidos.
- Dous dixestores de metano.



- Instalacións para a recollida dos gases dos dixestores, queimador do metano e motor con turbina para a xeración de electricidade e a súa utilización no Centro de Recría.
- Instalación de separación de sólidos e 5 silos cubertos de almacenaxe de sólidos.
- Unha balsa de dixestato de 5.780 m³ conectada coa planta de biogás para a recollida e almacenaxe dos líquidos resultantes do dixestor de biogás.

4.- DESCRICIÓN DETALLADA DA FINCA E PARCELAS DO CENTRO DE RECRÍA.-

As edificacións e instalacións necesarias para o funcionamento do Centro de recría da Deputación de Lugo "Gayoso-Castro" e descritas de maneira pormenorizada no documento *Anexo I: FINCA, INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS QUE SE VAN A POÑER A DISPOSICIÓN DA CONCESIONARIA DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO-CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO* que forma parte do expediente de contratación, están comprendidas nunha finca sita ao carón do núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, nas parroquias de Santiago de Duarría e San Pedro de Triabá no termo municipal de Castro de Rei cuxa superficie medida é de 1.827.064,95 m² (182,7 Ha).

Dentro da finca defínense dúas zonas, a zona A de 1.822.410,19 m² que será de uso para a concesionaria da xestión e explotación do centro de recría e a zona B de 4.654,76 m² cuxa superficie será de uso compartido entre a concesionaria e a Deputación de Lugo. Nos planos adxuntos pode observarse a definición, perímetro, lindeiros e superficie da finca así como das zonas A e B da mesma.

A zona A da finca será cedida para o seu uso por parte da entidade concesionaria incluído as instalacións e edificacións presentes na mesma.

A zona B da finca terá un uso compartido entre a Deputación de Lugo e a entidade concesionaria nos termos que así se determina no prego de cláusulas administrativas.

A finca está conformada polas seguintes parcelas catastrais na dimensión e lindeiros que figuran nos planos adxuntos:



Parcela 31 do polígono 221 de Castro de Rei, referencia catastral 27010A221000310000PO destinada a prados e praderías.

Parcela 9000 do Polígono 221, referencia catastral 27010A22109000 destinada a prados e praderías con algunhas frondosas.

Parte da parcela 40 do polígono 221, referencia catastral 27010A221000400000PJ, destinada maiormente a prados e praderías, cunha pequena zona de árbores frondosas.

Parte da parcela 41 do polígono 221, referencia catastral 27010A221000410000PE. A parcela está destinada maiormente a prados e praderías, con algunhas zonas de pinos, árbores frondosas e matogueira. Nesta parcela están incluídas as zonas pavimentadas das instalacións do centro de recría e contén a maior parte das edificacións e unha rede de camiños de circulación e acceso ás distintas zonas da mesma construídos en zahorra, que se encontran en bo estado de conservación.

Parcela 9003 do polígono 221, referencia catastral 27010A221090030000PZ, correspondente a unha vía de comunicación de uso público pertencente á Deputación de Lugo con parte pavimentada en rego asfáltico e parte en zahorra, ámbalas dúas en bo estado de conservación.

Parcela 9200 do polígono 221, referencia catastral 27010A221092000000PW, correspondente ao curso de auga denominado Río dos Corvos.

5.- DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS.-

A finca do centro de recría presenta 38 edificacións coas súas respectivas instalacións tal e como se detalla nos planos adxuntos.

As instalacións e edificacións poden englobarse en 3 grupos construtivos:

1. Edificacións e instalacións existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás e que non se reformaron.



2. Edificacións e instalacións existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás que se reformaron para adecualas á futura actividade do centro.

3. Edificacións e instalacións non existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás que constitúen obra nova.

Na seguinte táboa detállanse as características principais das edificacións así como a súa clasificación no grupo correspondente:

Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUTIVO	ACTUACIÓN FINAL	SUPERFICE (m ²)	ESTADO
01	Lazareto e área de intervención cirúrxica	2	Reformada	173,65	Bo estado
02	Almacén e taller de maquinaria agrícola	2	Reformada	204,20	Bo estado
03	Almacén de herba	2	Reformada	587,00	Bo estado
04	Garaxe do parque de maquinaria agrícola	2	Reformada	594,50	Bo estado
05	Edificio de control	2	Reformada	224,00	Bo estado
06	Nave área exame previo (recepción de becerras) e área de lavado de casetas	2	Reformada	865,90	Bo estado
07	Nave para aloxamento de casetas individuais de becerras	2	Reformada	944,60	Bo estado
08	Vestiaros, almacéns, aseo, caldeiras e pequeno local de lecer	2	Reformada	401,85	Bo estado
09	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
10	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
11	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
12	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
13	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
14	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1361,95	Bo estado
15	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1361,95	Bo estado
16	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
17	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
18	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
19	Nave de recría, cubrición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
20	Nave de recría, transición/cubrición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
21	Nave de recría, transición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado



Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUCTIVO	ACTUACIÓN FINAL	SUPERFICIE (m ²)	ESTADO
22	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
23	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
24	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
25	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
26	Dixestor de metano	3	Obra nova	255,00	Bo estado
27	Dixestor de metano	3	Obra nova	255,00	Bo estado
28	Esterqueiras	3	Obra nova	1053,00	Bo estado
29	Balsa de dixestato	3	Obra nova	1300,50	Bo estado
30	Nave	1	Existente	113,00	Bo estado
31	Nave	1	Existente	102,00	Bo estado
32	Vivenda e oficinas	1	Existente	173,00	Bo estado
33	Oficinas	1	Existente	59,40	Bo estado
34	Edificio principal de oficinas	1	Existente	193,03	Bo estado
35	Rodiluvio	3	Obra nova	59,78	Bo estado
36	Rodiluvio	3	Obra nova	59,78	Bo estado
37	Silos de concentrado (10)	3	Instalación nova	-	Bo estado
38	Silos concentrado adxacentes segunda fase de lactancia (5)	3	Instalación nova	-	Bo estado

O complexo do Centro de Recría así como as súas construcións contan con instalacións de subministro de auga e de electricidade, as oficinas tamén de telefonía. As vivenda (construción nº 32) e as oficinas (construcións nº 33 e nº 34) contan con saneamento mediante fosa séptica que está situada próxima á construción nº 04 e cuxo uso será compartido entre a Deputación de Lugo e a empresa concesionaria.

O edificio do transformador de corrente eléctrica é propiedade da Deputación de Lugo.

Para calquera aclaración posterior ou detalle, todas as características, dimensións, instalacións e maquinaria das obras, das construcións e do complexo do Centro de Recría están detalladas nos seguintes proxectos do Centro de Recría redactados para a súa execución e a disposición nos arquivos da Deputación:

- *Proxecto de construción de centro de recría na Granxa Gayoso-Castro. Lugo.*
- *Proxecto da 2ª fase de execución de centro de recría na Granxa Gayoso-Castro (Castro de Rei – Lugo).*
- *Proxecto de execución de la planta de biogás en el centro de recría de la Granja Gayoso-Castro. Ayuntamiento de Castro de Rei (Lugo).*



6.- OBRAS A MAIORES A REALIZAR POLA DEPUTACIÓN DE LUGO.-

A maiores das fincas, construcións e instalacións anteriormente definidas, actualmente estanse a levar a cabo:

- A tramitación para a posterior execución do *Proyecto modificado del de "Cubierta boxes de novillas en centro de recría y adaptación nave uno"*, donde está previsto realizar unha cuberta dos boxes das xovencas e a adaptación da nave 1 (segundo o *Proxecto de construción de centro de recría na Granxa Gayoso-Castro. Lugo, construción 09* segundo os planos anexos a esta Acta) de recría, transición.
- A execución das obras contempladas na *Memoria valorada para o arranxo de oficinas e fachadas na granxa provincial* recentemente adxudicada e correspondente ao Edificio principal de oficinas compartido (construción 34).

En todo caso as obras e instalacións a realizar e/ou modificar e as súas características están descritas no proxecto e memoria técnica redactados.

7.- USOS DAS FINCAS, CONSTRUCIÓN E INSTALACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO E A CONCESIONARIA.-

Tal e como se detalla no apartado 4 da presente Acta, a zona A da finca será cedida para o seu uso por parte da entidade concesionaria incluído as instalacións e edificacións presentes na mesma.

A zona B da finca terá un uso compartido entre a Deputación de Lugo e a entidade concesionaria nos termos que así se determina no prego de cláusulas administrativas e co seguinte detalle:

- As zonas de acceso e tránsito desta zona B son de uso compartido.
- A Deputación de Lugo resérvase o uso exclusivo da planta baixa do edificio de oficinas nº 34 detallado na presente Acta e planos da mesma. A concesionaria utilizará a planta primeira do edificio que ten unha superficie de 193,03 m².
- A Deputación de Lugo resérvase o uso exclusivo do edificio de oficinas nº 33 detallado na presente Acta e planos da mesma.



8.- PLANOS.-

Acompañan á presente Acta os planos:

- Plano nº 1: PARCELAS E EDIFICACIÓNS A POÑER A DISPOSICIÓN DO CONCESIONARIO DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO-CASTRO.
- Plano nº 2: DETALLE DAS EDIFICACIÓNS A POÑER A DISPOSICIÓN DO CONCESIONARIO DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO-CASTRO.

Lugo, a 07 de novembro de 2017

Asdo.: Rogelio Grille Barbeita.
Representante de Recría Castro S.L.U.

Asdo.: Miguel Ángel Fernández López.
Responsable do Contrato.